

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE XUÑO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dezanove de xuño de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27/05/2008)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de maio do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para garantir a limpeza dos espazos públicos tras as festas populares

Dáse conta da moción presentada polo BNG, coa modificación proposta polo PP, na que se expón que en Vedra, coma no resto de Galicia celébranse numerosas festas populares, que se concentran maioritariamente nos meses de verán, que provocan a aglomeración de lixo nos campos das festas e polo tanto a contaminación dos espazos públicos e a súa inutilidade para outras actividades, se non se garante a súa limpeza, polo que solicitan a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Concello de Vedra velará para que os espazos públicos onde se celebran as festas estean recollidos á maior brevidade posible dende o remate das mesmas. Asimesmo, todas as asociacións, comisións, particulares ou empresas que poñan un establecemento nos recintos das festas, se responsabilizarán da súa recollida e limpeza do seu entorno inmediato.

2º.- O Concello de Vedra garantirá a existencia de suficientes contenedores nos recintos en festas para poder garantir a súa limpeza, así como a recollida destes contenedores ao día seguinte de cada xornada de festa, para evitar cheiros e a posíbel acumulación de lixo fóra de contenedores repletos

3º.- O Concello de Vedra adecuará o calendario habitual de recollida de lixo nas parroquias, ao calendario festeiro durante o verán, para poder atender á recollida de lixo puntualmente onde se pode prever a maior acumulación, campos de festas e entorno das vivendas despois das xornadas festeiras

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que se modificou o parágrafo primeiro da moción, segundo o solicitado polo PP, e dá unha explicación sobre da mesma

O Sr. Alvela do TEGA expón que os principios da moción son positivos pero considera que agora mesmo, salvo casos puntuais, non é un problema grave, se ben debe incidirse na concienciación.

O Sr. Martínez do PP está de acordo co espírito da moción e coa súa nova redacción

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que votarán en contra dado que todos están de acordo co espírito pero que considera que o que se solicita xa se está a executar os últimos anos

Posta a votación a moción rexístranse seis votos a favor de PP e BNG, seis votos en contra do PSdeG-PSOE e unha abstención de TEGA; repetida a votación con idéntico resultado decae co voto de calidade en contra da Presidencia

3º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

Pleno do mes de abril:

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do proxecto do plan de sectorización SUND-5, di que se está a espera de que a Consellería de Medio Ambiente indique se é preciso a avaliación ambiental estratéxica


2.- Sobre do proxecto de reforma do campo da festa de San Miguel de Sarandón, que a AA.VV. lle avisou para unha reunión para o venres

3.- En canto á subvención para normalización lingüística, que se xustificou con nóminas do normalizador lingüista

--Ás preguntas de don Carlos Martínez do PP, a Presidencia contéstalle

1.- Sobre das obras da entrada da igrexa de San Xián, que se está á espera de que chegue o material

2.- Sobre dos parques infantís, que se solicitou subvención á Xunta e se está á espera da contestación



Pleno do mes de maio:

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre do contrato coa empresa Icages Consulting, S.L, que era para a actualización do inventario municipal e que a empresa quebrou e que non costou nada

2.- En canto á subvención para a pista polideportiva en San Fins, que se fixo un proxecto e que se está á espera da comunicación da Consellería de Cultura.

3.- Sobre do convenio Museo Modesto Paz Camps, a Presidencia cédelle a palabra á concelleira de cultura, dona Lucía González, que expón que a semana pasada nunha Xunta de Voceiros presentouse un borrador de convenio que recolle o consensuado con D. Modesto Paz Camps

4.- Sobre da avaliación do funcionamento de determinados servizos, que existe un rexistro de visitas que se poden traer a unha comisión e estudar horarios e outros temas relacionados cos servizos prestados.

4º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG formula os seguintes rogos e preguntas

1.- O Regulamento de réxime interior de instalacións deportivas di no seu artigo 6º que as directrices anuais de utilización do pavillón así como a programación deportiva anual e a memoria anual deben aprobarse en pleno. A fin de evitar conflitos como o habido no curso pasado, prégolle ó responsable de deportes traballe nesas directrices e traia a súa proposta para o debate no pleno de xullo ou de agosto

2.- Rogo tamén que este Regulamento se colgue no taboleiro de anuncios do Pavillón e do Concello , tal e como indica o art. 21 , así como á maior brevidade posible na páxina web do concello

3.- Rogo asimesmo que se faga chegar este regulamento a todas as asociacións ou clubs deportivos, ou polo menos se lles informe da súa existencia

4.- Rogo tamén que se informe da existencia do Regulamento de Participación Veciñal a todos os veciños do concello mediante anuncio no Boletín e que se colgue no taboleiro do concello mentres non estea colgado na páxina web


5.- Rogo se informe dos horarios dos autobuses do transporte comarcal nas marquesiñas onde non está e na páxina web do concello.

6.- Cal é a frecuencia con que se pasa a recoller os contenedores de vidro, cartón e plásticos? Cal é a empresa que se encarga? Rogo se fagan ás xestións para evitar a acumulación de residuos fóra dos contenedores por non recollese coa frecuencia necesaria

7.- A canto ascenden os gastos da romaría da 3ª Idade?

8.- Canto é a achega dos participantes á excursión a Madrid e Segovia?

9.- Cal foi o sistema de contratación de Miriam Fernández como axudante de servizos varios? Cal é a necesidade real deste posto non previsto na relación de postos de traballo do 2008?



10.- Rogo se nos entregue unha relación de todos os postos de traballo na que consten: funcións do posto, método de contratación e cando (nos que son eventuais), e se son prazas subvencionadas ou non.

--O Sr. Alvela de TEGA roga que se sinalice debidamente o entorno da piscina para protexer ós peóns

Tamén que se contrate maquinaria para a limpeza das vías, dada a insuficiencia do servizo existente

--Don Carlos Martínez Carrillo do PP formula as seguintes preguntas:

1.- Que medidas se tomaron a día de hoxe dende o concello para evitar e previr os incendios forestais, así como para darlle unha pronta resposta cando

o se produza algún?

2.- Existe algún motivo para que se estean producindo retrasos nos pagos do concello?

3.- Cando está o tema do saneamento de San Xián ? Ten feito o grupo de goberno algunha planificación de obras, enganches, ampliacións? En caso afirmativo rógase que se lle dea conta ó resto dos grupos

4.- Están funcionando todas as desbrozadoras co concello? De non ser así prégase que poña a funcionar este servizo na súa totalidade xa que nesta época faise moi necesario.

5.- Fixéronse algunhas xestións para mercar a carpa? Cales?. Cando a poderán utilizar os nosos veciños?

6.- Como está o tema das obras do campo da festa de San Miguel?

7.- Vaise poder instalar a antena de telefonía móbil no monte entre San Fins e San Xián?

Asimesmo formula os seguintes rogos:

1.- Rogamos que de forma urxente se limpen as cunetas e pistas na aldea de Galegos en Santa Cruz de Ribadulla, dado o peligroso que se está a converter alí a circulación, sobre todo, na parte que linda co ferrocarril.

2.- Igualmente rogamus se apure todo o que se poida na limpeza do resto das pistas no resto das parroquias de Vedra

3.- Rogamos se arranxe o alumbeado público que discorre pola N-525, dende a drogería, dirección Santiago, ata Vilanova, dado que leva 10 días sen funcionar


4.- Rogamos se arranxe e se fixe unha arqueta que se sitúa no vial público diante da casa de Marí Pereiras e Manolo Álvarez, no lugar de Sol, en Santa Cruz, dado que ó paso continuo dos vehículos sobre a mesma provoca un ruído insupportable

5.- Rogamos que de maneira urxente se limpe a casa cultural de Merín

6.- Insistimos no feito de que dado que moitas das pistas do concello se están empezando a desfacer, rógase que se proceda a un plan de bacheo por todo o termo municipal

7.- Rogamos se revise a antena externa de internet en Santa Cruz, porque volve a fallar

5º.- Rogos e preguntas veciñais



A Presidencia, á abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non se formulan rogos nin preguntas e conclúe a sesión ó fio das vinte e unha horas e cincuenta minutos

